

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 11 DE XANEIRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se regula a actuación da Xunta de Galicia mediante grupos de traballo, se crea a Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de Prevención de Riscos de Xestión, e se procede á racionalización de órganos colexiados da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Decreto polo que se regula a organización, promoción e carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se nomea reitor da Universidade da Coruña o profesor doutor Ricardo José Cao Abad.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se establece o procedemento para a acreditación de centros sanitarios e se crea e se regula o funcionamento da Comisión Autonómica de Acreditación de Centros Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de Sabadelle, no concello de Chantada (Lugo).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para actuacións de mellora das infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento e de restauración da Comunidade Autónoma de Galicia e se establece a súa convocatoria por anticipado de gasto para o ano 2024, por un importe de tres millóns cincocentos mil euros (3.500.000 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico a industria de manipulación e envasado de peixe plano en Rianxo (A Coruña), promovida por Stolt Sea Farm, S.A.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a execución de programas de acollemento residencial en centros de protección á infancia e á adolescencia, dirixidos a nenos, nenas e adolescentes con medida de protección, para 475 prazas (código de procedemento BS213N). Importe do orzamento dos programas: setenta e cinco millóns douscentos oitenta mil seiscentos trinta e dous con noventa e un céntimos (75.280.632,91 €). Valor estimado: douscentos sesenta e catro millóns douscentos seis mil catrocentos corenta e cinco euros con noventa céntimos (264.206.445,90 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o proxecto de decreto polo que se establecen os procedementos e os controis para a subministración de medicamentos de uso humano de uso exclusivamente hospitalario a profesionais veterinarios para os efectos da súa remisión ao Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón do protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTI fóbricas nos espazos de lecer nocturno.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se dá conta do convenio entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a Universidade de Santiago de Compostela e a Confederación de Empresarios de Galicia para o desenvolvemento do *Global Entrepreneurship Monitor* (proxecto GEM) en España a nivel rexional.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia e susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Feder Galicia 2021-2027.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre as actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a evolución ao Nodo Conectivi.gal.
- Informe sobre a Guía práctica para a xestión da intelixencia artificial nas administracións públicas.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a resolución da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a renovación de electrodomésticos, en réxime de concorrencia non competitiva, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2024.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Informe relativo á acreditación da competencia dixital do alumnado de ensinanzas non universitarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre constitución do Comité Asesor do Programa galego para a detección precoz de enfermidades xenéticas, endocrinas e metabólicas en período neonatal.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as axudas aos seguros agrarios do período 2017-2023 e convocatoria de 2024.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre os convenios que se van executar en 2024, tramitados como anticipado de gasto pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.
- Informe sobre a serie cronolóxica de actuacións pola aparición de pellets plásticos na costa galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A COLABORACIÓN E O INTERCAMBIO DE COÑECEMENTOS E BOAS PRÁCTICAS ENTRE OS DISTINTOS ÓRGANOS DO SECTOR PÚBLICO AUTÓNOMICO

O Consello do Goberno galego aproba o decreto que permite, ademais, avanzar na racionalización dos órganos colexiados

A Xunta impulsará a colaboración e o intercambio de coñecementos e boas prácticas entre os distintos órganos do sector público autonómico, segundo se desprende do decreto de órganos colexiados presentado hoxe polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, na reunión do Consello onde foi aprobado.

O obxectivo desta iniciativa é promover a modernización das actuacións da Administración autonómica a través de grupos de traballo nos diversos ámbitos en que sexa precisa unha colaboración, sen mingua das garantías legais.

Isto significará que os proxectos que impliquen diferentes consellerías poderán ser obxecto dunha análise transversal co fin de acadar unha resposta en común ás diversas problemáticas, fronte a procedementos excesivamente burocráticos e en consonancia cos retos do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030.

Así mesmo, a aprobación deste decreto suporá avanzar tamén na racionalización dos órganos colexiados, coa supresión de 22 órganos, cuxas funcións foron asumidas por outros órganos de cara a unha maior flexibilidade nos métodos de traballo.

Ademais, coa finalidade de que se poidan identificar de xeito claro os órganos que teñen a natureza de colexiados consonte a normativa de aplicación, crearase un inventario no que figurarán os órganos colexiados da Administración xeral e das entidades do sector público autonómico de Galicia.

Integridade institucional

Por outra banda, de cara a afianzar a política de integridade, a Xunta creará a Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de Prevención de Riscos de Xestión que, entre outras funcións, velará pola homoxeneidade e efectividade das medidas e das actuacións que se vaian implantar nesta materia.

Coa creación deste órgano darase cumprimento a unha das medidas previstas no programa marco de integridade institucional e ás recomendacións do Consello de Contas de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

APROBADO DE XEITO DEFINITIVO O DECRETO QUE REGULA A CARREIRA INVESTIGADORA NA ADMINISTRACIÓN GALEGA

- O Consello da Xunta de Galicia acorda dar luz verde a este decreto que entrará en vigor nas vindeiras semanas
- O novo marco legislativo permitirá mellorar as condicións laborais de todo o persoal de investigación -tanto persoal investigador como persoal técnico de investigación- que dependa da Xunta de Galicia e dos seus organismos dun xeito transversal pero respectando as peculiaridades de cada sector

O Goberno galego acordou esta mañá na reunión de Consello aprobar de xeito definitivo o decreto que regula a carreira investigadora na Administración galega co obxectivo de que entre en vigor nos vindeiros días.

Logo do seu paso polo Consello Consultivo, a nova normativa remata a súa tramitación, o que permitirá a Galicia converterse na primeira Comunidade de España en regular a carreira profesional de todo o persoal de investigación -tanto persoal investigador como persoal técnico de investigación- que depende da Administración autonómica e dos seus organismos. Con este decreto, a Comunidade contará cun marco profesional transversal -que pola súa vez respecta as peculiaridades que cada sector poida presentar- e proporcionalle tanto estabilidade laboral ao persoal de investigación -mellorando e homoxeneizando as súas condicións- como a fixación da senda para a contratación do futuro.

O decreto desenvolve a Lei estatal da ciencia, tecnoloxía e a innovación que establece a necesaria estabilización pero non crea unha carreira. Esta normativa é froito do consenso e da participación de todos os colectivos afectados e trata de recoller as características e singularidades de todos os centros e ámbitos sectoriais implicados, e dar resposta ás súas principais demandas. Atende todas as etapas da actividade investigadora e así, tras rematar as etapas pre o posdoutoral, regúlase o acceso ao sistema a través dun contrato laboral fixo, creando as categorías de investigador establecido e investigador sénior. Tamén se crea un itinerario para o persoal técnico de investigación definindo outras dúas categorías: técnico superior de investigación e técnico de investigación sénior.

En canto ao réxime retributivo, ademais do salario base, establécese un complemento de excelencia investigadora persoal e consolidable como resultado da avaliación positiva da súa actividade, un complemento non consolidable vinculado á captación de fondos en convocatorias competitivas, así como o dereito do persoal de investigación a participar nos beneficios que obteñan as entidades para as que prestan servizos como consecuencia da eventual explotación dos resultados da actividade.

Por outra banda, facilita a mobilidade do persoal fomentando a súa formación, a colaboración entre o tecido investigador e empresarial e o desenvolvemento de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actividades empresariais por parte do persoal investigador. Así permítense estadias formativas, a adscrición temporal a axentes públicos ou privados dos sistemas galego e español de ciencia, tecnoloxía e innovación, así como excedencias temporais para a prestación de servizos a axentes públicos ou privados.

Con este novo decreto, Galicia aspira a reter e captar o talento investigador ofrecendo un marco laboral estable e atractivo que, ademais, permitirá reforzar a investigación e o desenvolvemento de tecnoloxías que contribuirán a un crecemento baseado no coñecemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA APROBA O NOMEAMENTO DE RICARDO CAO COMO REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Foi elixido pola comunidade universitaria nas eleccións do pasado 4 de decembro

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea reitor da Universidade da Coruña (UDC) o profesor doutor Ricardo José Cao Abad. Este nomeamento prodúcese despois de que fose elixido nas eleccións ao Reitorado o pasado 4 de decembro. Ricardo Cao sucede no cargo a Julio Ernesto Abalde, que era reitor desde 2016.

Nado na cidade herculina en 1965, é doutor en matemáticas e profesor da Universidade da Coruña desde 1991; e desde 1999, catedrático de estatística e investigación operativa nesta institución. As súas liñas de investigación abranguen a estatística non paramétrica, o *bootstrap*, a análise de supervivencia, a análise de datos funcionais, a análise estatística de datos de gran volume (*big data*), a análise de datos dependentes, a verosimilitude empírica e a modelización estatística en ciencias dos materiais, en risco de crédito, en xenómica e neurociencia e en malherboloxía.

É autor de varios libros docentes e máis de 130 publicacións científicas, pertence ao Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC). En 2023 recibiu tanto o Premio Nacional de Estatística como a Medalla da Sociedade de Estatística e Investigación Operativa (SEIO) pola súa contribución ao avance e á proxección da estatística e da investigación operativa no ámbito nacional e internacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVE A MELLORA NA CALIDADE ASISTENCIAL COA REGULACIÓN DA ACREDITACIÓN DE CENTROS SANITARIOS

- O Goberno galego establece preto de medio cento de estándares e indicadores de calidade para acadar a acreditación no seu grao básico ou superior
- O decreto crea e regula, así mesmo, o funcionamento do Consello autonómico de acreditación de centros sanitarios da Comunidade Autónoma
- A Consellería de Sanidade facilitará os correspondentes certificados para seren expostos nun lugar visible ao público polos centros sanitarios acreditados

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión semanal, o Decreto polo que se establece o procedemento para a acreditación de centros sanitarios e se crea e se regula o funcionamento do Consello Autonómico de Acreditación de Centros Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Coa norma, o Goberno galego establece un procedemento de avaliación técnica, independente e obxectiva para a acreditación dun centro sanitario con base en 43 indicadores dun total de 10 categorías. Así, valoraranse, entre outros, aspectos relativos aos dereitos dos pacientes, á calidade asistencial e a súa mellora continua, á asistencia ao paciente, á continuidade da atención, á seguridade do paciente, así como á planificación, xestión e avaliación dos recursos humanos e a súa formación continua.

En función dos estándares establecidos e por un período de catro anos, cada centro poderá acadar a acreditación en grao básico, cando o cumprimento dos indicadores chega ata un 75 %, ou en grao superior, cando o centro supera esa porcentaxe. Desta forma, para que as persoas usuarias estean informadas, a Consellería de Sanidade facilitará o correspondente certificado de acreditación que os centros sanitarios deberán colocar nun lugar visible ao público.

Polo tanto, despois de ter dado audiencia ás principais entidades e asociacións correspondentes aos sectores afectados pola norma, amplíase o alcance da acreditación aos centros sanitarios, xa que neste momento a regulación se limita a centros hospitalarios. Os centros sanitarios pertencentes ao Sistema Público Saúde de Galicia deberán ser acreditados. Pola súa banda, os centros sanitarios privados que opten por realizar un concerto de servizos sanitarios co Sergas deberán contar coa dita acreditación. Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste decreto, entre outros, as oficinas de farmacia, consultas médicas e consultas doutros profesionais sanitarios, os servizos de prevención de riscos laborais ou outros centros especializados.

Para elaborar propostas de acreditación de centros e propoñer os estándares e indicadores de calidade e as súas posibles revisións, créase ademais o Consello Autonómico de Acreditación de Centros Sanitarios presidido pola persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección de Servizos Sanitarios da Consellería de Sanidade. A composición do órgano, na cal se procurará un número paritario de mulleres e homes,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

completarase con tres vogais inspectores ou subinspectores sanitarios, dous vogais pertencentes á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas e a secretaría será asumida por unha persoa adscrita á Unidade de Inspección de Servizos Sanitarios.

O decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA O POLÍGONO AGROFORESTAL DE SABADELLE, NO CONCELLO LUCENSE DE CHANTADA, PARA POÑER EN VALOR UN TOTAL DE 38,68 HECTÁREAS

- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o correspondente decreto da Consellería do Medio Rural para desenvolver este polígono, que implica 114 parcelas de 80 propietarios
- Está situado na área de actuación de varias indicacións xeográficas protexidas e forma parte da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, onde existe unha gran demanda de terreos para explotacións xa existentes ou a posta en marcha de novas iniciativas produtivas vinculadas á gandaría en extensivo

O Consello da Xunta de Galicia acaba de declarar a utilidade pública do polígono agroforestal de Sabadelle, no concello lucense de Chantada, que permitirá a posta en valor de 38,68 hectáreas de terreo, distribuídas en 114 parcelas de 80 propietarios. A dita declaración implica o recoñecemento da existencia de razóns de interese público para os efectos da aplicación da tramitación de urxencia do procedemento.

Os polígonos agroforestais teñen por obxecto pór en produción áreas de terra agroforestal con boa capacidade produtiva, que acadaron co paso do tempo estados de abandono ou infrautilización, recuperando deste xeito unha acaída actividade de explotación agrícola ou forestal. Tamén procuran a mellora da estrutura territorial de explotacións xa existentes ou a posta en marcha de novas iniciativas produtivas, así como o desenvolvemento de áreas que, independentemente da súa capacidade produtiva, contan con especiais valores ambientais, patrimoniais ou paisaxísticos e nas cales os procesos de abandono están a deteriorar eses valores.

No relativo ao polígono de Sabadelle, en concreto, a zona en que se atopa está delimitada na área de actuación de varias indicacións xeográficas protexidas e forma parte da Denominación de Orixe Ribeira Sacra. Ademais, existe gran demanda de terreos na zona de actuación para a mellora da estrutura territorial de explotacións xa existentes, ou a posta en marcha de novas iniciativas produtivas vinculadas á gandaría en extensivo.

Na actualidade existen 26 iniciativas agroforestais actualmente en marcha (en diferentes fases de execución) na nosa Comunidade, ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que supoñen a posta en valor de 9.143 hectáreas distribuídas en 29.759 parcelas propiedade de 8.271 veciños.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS DE 3,5 M€ PARA QUE OS ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS MELLOREN AS SÚAS INFRAESTRUTURAS

- O Consello da Xunta de Galicia aproba a nova edición destas subvencións anuais dirixidas tanto a establecementos de aloxamento como de restauración da Comunidade galega
- Contribuirase a mellorar as condicións de accesibilidade, á realización de obras para adaptarse a normativas e á mellora da clasificación, ao aforro enerxético ou á dixitalización

O Consello da Xunta autorizou hoxe a nova convocatoria da liña anual de axudas de 3,5 M€, coa cal os establecementos turísticos poden mellorar as súas infraestruturas en actuacións de accesibilidade, dixitalización ou modernización. As subvencións están dirixidas tanto a establecementos de aloxamento como de restauración e concederanse en réxime de concorrencia competitiva.

As liñas de axuda sufragarán, entre outras actuacións, as que estean destinadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. Tamén obras que melloren as instalacións coa finalidade de obter certificacións de calidade, en especial, o Q de Calidade Turística ou actuacións que permitan a adaptación ás modificacións normativas e á mellora da clasificación do establecemento que supoñan un incremento de categoría.

Ademais, contribuirase a sufragar as actuacións de renovación e modernización das instalacións e de embelecemento do contorno da instalación, de equipamentos mobles necesarios para o funcionamento, as obras de climatización que favorezan a sustentabilidade coa implementación de medidas de aforro enerxético, así como a instalación ou mellora de sistemas de extracción e renovación do aire.

A convocatoria de axudas inclúe tamén actuacións de dixitalización dos sistemas de xestión e comercialización do establecemento, e a adaptación dos sistemas de seguridade e saúde na prestación de servizos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA A PLANTA DE MANIPULACIÓN E ENVASADO DE PEIXE DE STOLT SEA FARM EN RIANXO COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO

- A iniciativa, que supón un investimento de 44,5 M€, desenvolverase en seis parcelas do polígono industrial de Rianxo e permitirá a ampliación da capacidade de procesamento e envasado de peixe, así como a automatización do proceso produtivo
- O proxecto inclúe unha planta de I+D+i que, mediante a colaboración con outros centros tecnolóxicos, favorecerá a valorización de produtos para obter outros de maior valor engadido
- Trátase do sétimo proxecto industrial estratéxico e súmase así á planta de hidróxeno verde de Reganosa e EDP Renovables, á fábrica de pneumáticos de Sentury e á planta de biofibra reciclada de Ence -as tres nas Pontes-, á planta de metanol verde de Forestal del Atlántico en Mugarbos, á de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei e á de hidróxeno renovable de Naturgy, Repsol e Reganosa en Cerceda

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a declaración como proxecto industrial estratéxico da planta de manipulación e envasado de peixe -rodaballo e linguado- proxectada por Stolt Sea Farm no polígono industrial de Rianxo. A iniciativa contará cun investimento de 44,5 M€ e a empresa prevé crear 173 postos de emprego directo.

O complexo industrial, que se implantará en seis parcelas adquiridas pola empresa, estará composto por unha edificación de dúas plantas (23.704,70 m² construídos) para procesamento, un edificio auxiliar (1.165,00 m²) e outro para oficinas (3.530,00 m²), cun total de 28.409,70 m² de superficie construída. Adicionalmente, executarase un edificio destinado a almacén loxístico con 6.372,04 m², ademais dun almacén auxiliar de 5.085,36 m².

O proxecto permitirá ampliar a capacidade de procesamento e envasado que actualmente se centraliza na planta de Lira (Carnota), así como a automatización do procesamento do rodaballo e linguado fresco que engorda nas granxas da empresa, e permitirá unha maior valorización dos produtos acuícolas e un mellor aliñamento coa demanda do consumidor. Dentro da nova industria instalarase unha planta de I+D+i, que permitirá afondar na colaboración xa existente cos centros tecnolóxicos e con outros axentes relevantes do ámbito da investigación.

Stolt Sea Farm é unha grande empresa líder en acuicultura terrestre de alta tecnoloxía, o principal provedor de rodaballo e linguado de alta calidade criados de forma sostible. Conta cunha capacidade de produción anual de 6.500 toneladas de rodaballo e 1.700 toneladas de linguado. A empresa, fundada en Noruega en 1972, ten a súa sede en Santiago de Compostela e opera en cinco países con máis de 450 empregados e 14 granxas a nivel global. A maioría delas encóntrase en Galicia, cun total de sete granxas de cultivo de peixe plano situadas en diferentes zonas da costa galega: Cabo Vilán (Camariñas), Cervo (Lugo), Couso (Ribeira), Lira (Carnota), Merexo (Muxía), Palmeira

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

(Ribeira) e Quilmas (Carnota). Contabiliza máis de 280 empregados nestes centros de traballo. Actualmente, Stolt Sea Farm, S.A. exporta preto do 60 % da súa produción.

A declaración como proxecto industrial estratéxico enmárcase na filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que busca a captación de investimentos. Permitirá a redución á metade dos prazos -agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos-, mantendo as garantías técnicas, xurídicas e ambientais.

A planta cumpre cos requisitos para ser declarada como proxecto industrial estratéxico, entre os cales se inclúen superar o investimento mínimo de vinte millóns de euros, a creación dun mínimo de cen postos de traballo directos e complementar cadeas de valor que pertencen a sectores considerados estratéxicos e que estean aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou que se integren no financiamento dos fondos Next Generation, como é o caso da acuicultura.

A iniciativa súmase ás declaracións como proxecto industrial estratéxico de H2Pole do centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes, á de Sentury Tire para implantar unha fábrica de pneumáticos tamén neste concello da provincia coruñesa, á planta de metanol verde en Mugardos de Forestal del Atlántico, así como á de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei, á planta de biofibra reciclada de Ence nas Pontes e á planta de hidróxeno renovable de Naturgy, Repsol e Reganosa en Cerceda.

Ademais, coa entrada en vigor da Lei 10/2023, de medidas fiscais e administrativas, a Xunta de Galicia pon en marcha o Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, no cal se incorporarán estes proxectos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 75,2 M€ ATA O ANO 2027 EN BLINDAR 475 PRAZAS PÚBLICAS DE ACOLLEMENTO RESIDENCIAL PARA NENOS E ADOLESCENTES EN SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN

- Este servizo vén sendo prestado por entidades do terceiro sector especializadas no eido da protección da infancia e da adolescencia
- O obxectivo deste programa é favorecer o pleno desenvolvemento de nenos e adolescentes que están baixo a garda ou tutela da Administración autonómica

O Goberno galego deu hoxe luz verde a unha nova convocatoria de concerto social, neste caso no ámbito da familia e a infancia, para o desenvolvemento do programa de acollemento residencial de nenos e adolescentes en fogares residenciais e casas de familia. A Xunta destinará 75,2 millóns de euros desde este ano ata o 2027 para consolidar unha rede pública de 475 prazas de atención a menores de idade que están baixo a garda ou tutela da Administración autonómica.

Na actualidade, estes servizos véñense prestando a través de diversos contratos administrativos con entidades do terceiro sector especializadas no eido da protección da infancia e da adolescencia. Agora, a través do concerto social dáse unha maior estabilidade ás entidades sociais que desenvolven estes programas de acollemento.

O obxectivo deste programa é favorecer o pleno desenvolvemento dos nenos e adolescentes que están en réxime de acollemento, nun ambiente o máis parecido ao ámbito familiar. Para conseguilo, reciben apoio educativo; dáse cobertura ás súas necesidades básicas; lévanse a cabo intervencións individualizadas tanto con eles como, se é posible, coas súas familias de orixe; e conviven nun contexto de socialización positivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FACILITA A SUBMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS DE USO HUMANO EXCLUSIVAMENTE HOSPITALARIO A PROFESIONAIS DA VETERINARIA

- A Consellería de Sanidade regula o procedemento para que as farmacias poidan entregarlles medicamentos aos profesionais veterinarios logo da súa prescrición excepcional no caso de baleiro terapéutico específico para animais
- Con esta norma dáse resposta a unha necesidade do sector veterinario e garántese que as persoas con animais de compañía poidan ter os tratamentos necesarios para eles

O Consello da Xunta foi informado esta mañá, con carácter previo ao ditame que deberá emitir o Consello Consultivo, da tramitación do proxecto de decreto polo que se establecen os procedementos e os controis para a subministración de medicamentos de uso humano de uso exclusivamente hospitalario a profesionais da veterinaria.

Desta forma, a Consellería de Sanidade establece o Regulamento polo que se permite a subministración de medicamentos de uso humano de uso exclusivamente hospitalario a profesionais veterinarios nos supostos de prescrición excepcional. Entenderase por subministración o acto a través do cal unha oficina de farmacia entrega un medicamento a un profesional veterinario, logo da prescrición excepcional por parte do profesional por baleiro terapéutico específico para animais. Polo tanto, o uso destes medicamentos quedará estritamente reservado ao acto clínico veterinario, o cal deberá realizarse, en todo caso, dentro dunha clínica ou dun hospital veterinario e o medicamento deberá administrarllo ao animal directamente persoal da veterinaria titulado.

Logo da administración dos medicamentos, a persoa veterinaria responsable deberá rexistrar os datos do animal ao cal lle foron administrados (especie e identificación individual), a identificación da receita (número de receita, nome e número de colexiado do veterinario que a expediu) e os datos da persoa propietaria do animal (nome, apelidos e enderezo), así como a cantidade de medicamento empregado.

Para garantir a seguridade e o uso de medicamentos suxeitos a controis especiais (antineoplásicos e inmunomoduladores), regúlase o manexo e a eliminación de residuos destes medicamentos por parte dos hospitais ou clínicas veterinarias. Para a subministración destes medicamentos será necesario dispoñer de autorización previa que contará co informe da Xefatura Territorial da consellería competente en materia de protección e benestar de animais de compañía da provincia en que se atope situado o centro veterinario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, a Xunta dá resposta a unha necesidade do sector veterinario e garante que as persoas con animais de compañía ou doutro tipo dispoñan dos tratamentos necesarios para os seus animais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA O PRIMEIRO PROTOCOLO CONTRA AS VIOLENCIAS SEXUAIS E LGBTI FÓBICAS NO OCIO NOCTURNO

- Asegura que o documento enmárcase no obxectivo de “tolerancia cero” ante calquera tipo de violencia e busca “previr, detectar e saber como actuar” ante un posible caso deste tipo
- Salienta que esta medida permitirá “seguir facendo de Galicia un lugar seguro”
- Daráselle acceso ao protocolo ao persoal das discotecas, salas de festas, pubs ou cafés espectáculos que formalicen a súa adhesión a el
- A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade resalta que a Xunta ofrecerá ao persoal dos locais de ocio un programa de formación en liña de dez horas para que coñezan as manifestacións máis habituais de violencia e que poidan combatela e incidir na súa prevención
- Os locais adheridos realizarán tamén actividades de concienciación e comprométese a non contar con publicidade nin criterios de admisión discriminatorios ou sexistas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello aprobou o Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTI fóbicas nos espazos de lecer nocturno. Esta medida enmárcase no obxectivo de “tolerancia cero” ante calquera tipo de violencia e busca “previr, detectar e saber como actuar no caso de detectar algunha”.

O documento é resultado dun proceso participativo no cal se tiveron en conta as achegas do Observatorio da Violencia de Xénero e do Observatorio LGBTIQ+, ademais das entidades representativas deste sector que, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, fixeron as súas alegacións ao documento: a Federación de Hostelería de Pontevedra (Fepros), a Federación de Asociacións Provinciais de Empresarios de Salas de Festa, Baile e Discotecas de Galicia (Fesdiga), a Asociación de Hostelería de Galicia e a Asociación Galicia de Noite.

O obxectivo, salientou o presidente, “é seguir facendo de Galicia un lugar seguro e contar con todas as ferramentas posibles para loitar contra a violencia”. O protocolo, como explicou, vai dirixido a todas “as discotecas, pubs, salas de concerto ou café-espectáculos que se queiran adherir” -será posible a partir de mañá-; todos os traballadores deberán coñecer este documento e ademais os locais adheridos “contarán cun logotipo” co lema Agresión OFF violencias “para que os clientes saiban que se trata dun local cun protocolo” específico.

A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo, destacou que no eido da prevención búscase xerar “un modelo de ocio nocturno seguro e libre de violencias”. O marco promoverá que os establecementos desenvolvan iniciativas propias de prevención e sensibilización. E ademais, tal e como indicou a conselleira, os establecementos adheridos comprométese a non contar con publicidade ou criterios de acceso ao local

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

discriminatorios e sexistas como prezos diferenciados para homes ou mulleres ou bonificacións en forma de bebidas para as mulleres.

En canto á detección, bríndanselles aos profesionais pautas para recoñecer manifestacións violentas, ben relacionadas coa presenza de imaxes ofensivas no recinto, como coa linguaxe sexista ou de contacto físico ou intimidatorio. Nesta liña, Rivo aclarou que a Xunta financiará un curso de dez horas de formación para todo o persoal dos locais adheridos.

En caso de ter que actuar, o protocolo ofrece pautas comúns para seguir por parte dos profesionais, que centran a atención na vítima ante unha situación potencialmente perigosa. Actuar con calma, de xeito inmediato, preservar a confidencialidade, acompañar ou informar dos recursos con que conta a persoa agredida son algúns dos aspectos protocolizados no documento. A conselleira indicou que no caso de detectar algunha posible agresión, os traballadores deberán ofrecer un espazo tranquilo e de seguridade á vítima, evitar que se quede soa ou interveñan persoas alleas, informarlle dos recursos dispoñibles e garantir que abandona o local "en bo estado e acompañada dunha persoa de confianza". No caso de que o agresor estea no recinto cómpre chamar as forzas de seguridade -no caso de que así o solicite a vítima- ou obrigarlle a que salga do establecemento.

Para os efectos da aplicación do protocolo, consideraranse establecementos de lecer nocturno as discotecas, salas de festas, pubs e cafés-espectáculos. Diríxese a todas as persoas que interveñen neles, desde o equipo directivo, o persoal de seguridade e sala, de barra ou doutro tipo.

Todos os establecementos de lecer nocturno que queiran adherirse a este protocolo poderán facelo desde este venres, 12 de xaneiro de 2024, a través da páxina web da Secretaría Xeral de Igualdade (<https://igualdade.xunta.gal>).

Apoio formativo

A adhesión voluntaria ao protocolo irá acompañada dun programa de formación en liña que a Xunta de Galicia dirixirá tanto ao equipo directivo dos establecementos como ao persoal de seguridade e sala, de barra ou doutro tipo.

O curso terá dez horas de duración distribuídas en catro semanas. Estruturarase en cinco módulos temáticos que abordarán as formas de violencia contra a muller e contra as persoas LGBTI, a análise do contexto en que se producen e a súa detección, as pautas de actuación ante casos de violencia sexual ou LGBTI fóbica e como previr estes comportamentos a través da educación e da sensibilización da cidadanía.

Ao remate da formación, e superada a avaliación, o persoal dos espazos de lecer nocturno recibirá un diploma acreditativo da formación recibida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA O CONVENIO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO GLOBAL GEM CON QUE SE AVALÍA A SITUACIÓN DAS PERSOAS EMPREENDEDORAS EN GALICIA

- O Consello da Xunta de Galicia deu o visto e prace á sinatura dun novo convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) e coa Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) para a elaboración do informe 2023-2024 por un importe de 40.000 €
- Co estudo ofrécese información comparable entre territorios grazas a unha metodoloxía propia e común a todos os países, que incorporará como novidade nesta edición unha epígrafe específica sobre a situación do emprendemento no rural galego
- O informe da edición pasada mostrou que a taxa de actividade emprendedora (TEA) na Comunidade galega se elevou ata o 5,4 % en 2022, 0,6 puntos máis que en 2021

O Consello da Xunta deu o visto e prace hoxe á sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) para o desenvolvemento da edición 2023-2024 do *Global Entrepreneurship Monitor* (proxecto GEM). Trátase dunha iniciativa que permite avaliar a situación das persoas emprendedoras e do proceso emprendedor a nivel mundial e, para coñecer os datos no caso de Galicia, o Goberno autonómico investirá 40.000 euros, a mesma cantidade que consignou en 2023. Nesta edición, como novidade, o estudo incluírá unha epígrafe específica sobre o emprendemento no rural.

O proxecto GEM constitúe un programa global de investigación, difusión e compromiso académico que realiza un sistema de recompilación, preparación de informes e coleccións de datos, ademais da creación de varias actividades en beneficio e axuda de investigadores e responsables de políticas e programas públicos no campo da creación de empresas.

Posto en marcha a nivel mundial pola London Business School e o Babson College e rexido por ciclos anuais cun calendario determinado polos órganos do GEM Consortium, a iniciativa diferénciase doutras fontes de información sobre o fenómeno emprendedor pola metodoloxía de investigación propia e común a todos os países e rexións participantes, o que permite comparar información entre territorios.

Así, a clave desta metodoloxía é a homoxeneidade das ferramentas empregadas para recoller a información e o feito de traballar como fonte independente complementada polas fontes xa existentes sobre indicadores socioeconómicos. En concreto, de acordo coa metodoloxía GEM, realizarase unha enquisa á poboación adulta (*APS-Adult Population Survey*), unha entrevista a expertos (*NES-National Expert Survey*) e a redacción, edición, presentación pública e difusión do informe GEM Galicia 2023-2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A formalización deste convenio fai efectivo para a Comunidade Autónoma de Galicia o proxecto GEM (que lidera a nivel nacional o Observatorio de Emprendemento de España) sobre a base dunha rede española de 19 equipos rexionais GEM e co apoio de institucións, empresas e organizacións.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade trata, a través da colaboración co proxecto GEM, de consolidar as bases dunha rede conxunta de investigación que permita realizar estudos sobre o emprendemento en Galicia. A sinatura deste convenio apoiará investigadores e responsables de políticas e programas públicos no eido da creación de empresas, o que permite unha aposta decidida cara á xeración de riqueza e a consolidación do emprego.

Informe 2022-2023

O informe GEM anterior ao que se elaborará en virtude do convenio aprobado hoxe reflectiu que o 2022 foi un ano positivo para o emprendemento en Galicia. A taxa de actividade emprendedora (TEA) na Comunidade galega elevouse así ata o 5,4 %, 0,6 puntos máis que en 2021, sendo o segundo valor máis alto desde 2010 e moi próximo ao acadado nos últimos dez anos (5,6 % en 2018).

Referido ás mulleres, o informe amosou que o emprendemento feminino segue a crecer, cunha taxa de actividade emprendedora feminina que se sitúa no 6,7 %, por riba da media deste indicador e case un punto e medio máis que en 2021 (5,3 % en 2021).

O informe GEM, ademais, como novidade, incluíu na pasada edición unha monografía sobre o papel da economía social en Galicia, e deu conta de que cada vez é máis valorada, sobre todo entre as persoas con formación universitaria. Así, percíbese un interese crecente polas fórmulas da economía social nas empresas de recente creación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS CONCELLOS CUNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PLURIANUAL DOTADA CON 5,3 M€

- O Consello avaliou hoxe a medida, cofinanciada con fondos Feder e dirixida a municipios de menos de 30.000 habitantes que fagan melloras de illamento, iluminación ou climatización e calefacción
- As achegas autonómicas cubrirán ata o 80 % do gasto, cun límite de 120.000 euros
- A través dela o Goberno galego reforza o apoio á sustentabilidade municipal

O Consello da Xunta avaliou hoxe a nova convocatoria de axudas plurianual destinada a impulsar a eficiencia enerxética nas infraestruturas municipais, que conta cun orzamento de 5,3 millóns de euros cofinanciados con fondos Feder para o período 2024-2025. A medida diríxese aos concellos de menos de 30.000 habitantes e permitirá cubrir ata o 80 % dos gastos de melloras en illamento, iluminación interior e climatización cun límite de 120.000 euros.

Segundo se recolle na orde, as administracións locais beneficiadas deberán acreditar unha redución mínima inicial do 20 % do consumo anual de enerxía primaria non renovable e nas emisións de gases de efecto invernadoiro. Con este obxectivo financiaranse obras de mellora das envolventes térmicas, instalacións de sistemas de iluminación eficiente e melloras na climatización e calefacción de edificios ou infraestruturas vinculados a servizos municipais. O importe da actuación debe oscilar entre os 60.000 e os 150.000 euros.

O obxectivo é contribuír á redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e á mitigación dos efectos do cambio climático, en liña coa Estratexia de cambio climático e enerxía 2050 e no marco do programa Feder Galicia 2021-2027. O obxectivo é tamén facilitarles aos concellos galegos o aforro enerxético e económico, así como a mellora ambiental e do confort do persoal e da cidadanía usuaria dos servizos municipais. Impúlsase ademais a reactivación económica dos sectores implicados nas obras e refórzase o efecto exemplar da Administración.

Outras liñas de apoio

A nova medida de apoio ao eido municipal súmase a outras como o Fondo de Compensación Ambiental, cunha dotación prevista de máis de 11,2 millóns de euros en 2024. Este fondo creouse para distribuír o canon eólico en beneficio da conservación e restauración da contorna, así como do reequilibrio territorial.

Neste caso, as accións subvencionables inclúen os investimentos e custos de funcionamento dos servizos municipais dedicados á protección do medio. Entre os obxectivos que deben perseguir figuran a conservación da biodiversidade, o fomento do coñecemento e da utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais, e a recuperación do medio natural degradado ou contaminado. Tamén deben impulsar a eficiencia e o uso sustentable das enerxías renovables e, en xeral, a protección do medio natural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, a orde de infraestruturas de uso público, contará en 2024 con 3,5 millóns de euros. A través desta convocatoria subvenciónanse as obras de instalación, ampliación ou mellora das redes de luz pública e de pavimentación en camiños públicos municipais. Tamén poden acollerse ás axudas as obras de construción, mellora e ampliación de parques infantís, así como a súa cubrición ou a construción de novos parques infantís cubertos.

Canto aos edificios ou ás dependencias destinados á prestación de servizos municipais, poderán subvencionarse as obras de construción, mellora, ampliación ou rehabilitación, as de adaptación para a súa accesibilidade e a dotación de equipamentos. Deste xeito, considéranse gastos subvencionables os vinculados coa execución das obras e a adquisición de mobiliario e de material de oficina, informático e audiovisual.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ AXUDAS POR IMPORTE DE 450.000 € PARA APOIAR A CONCELLOS E ENTIDADES PROTECTORAS NA ATENCIÓN AOS ANIMAIS DOMÉSTICOS ABANDONADOS

- O Consello foi informado esta mañá da publicación nos vindeiros días de dúas ordes de subvencións, que se poderán solicitar para cubrir gastos realizados entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de agosto de 2024 para coidar e manter a estes animais
- No caso das entidades locais as axudas cubrirán os custos de esterilización cirúrxica, vacinación, identificación, rexistro e manutención dos exemplares ao seu cargo
- As asociacións poderán optar a fondos para sufragar o mesmo tipo de gasto que no caso dos concellos e tamén para impulsar campañas de promoción da tenza responsable e da adopción ou para adquirir material para os seus centros de acollida

A Xunta convocará este mes dúas ordes de axudas por un importe global de 450.000 euros dirixidas a apoiar tanto ás administracións locais como ás entidades e asociacións protectoras de animais no financiamento dos gastos que asumen a diario co obxectivo de garantir o coidado, a atención e a protección dos animais domésticos abandonados que teñen ao seu cargo.

O Consello da Xunta foi informado hoxe da próxima publicación de ambas liñas de subvencións por parte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Unha delas, dotada con 230.000 euros, irá dirixida especificamente a concellos ou agrupacións de entidades locais como administracións responsables da recollida e acollemento dos animais abandonados nos seus municipios; e a segunda, cun orzamento de 220.000 euros, destinarase a entidades inscritas no Rexistro galego de asociacións para a protección e defensa dos animais de compañía.

Entre os gastos subvencionables no caso dos concellos inclúense aqueles relacionados coa esterilización cirúrxica, a identificación mediante microchip, o pasaporte sanitario e a inscrición dos exemplares ao seu cargo no Rexistro galego de identificación de animais de compañía (Regiac), pero tamén os custos derivados da súa alimentación, de vacinación preventiva e de desparasitación, entre outras medidas profilácticas.

En canto á liña de subvencións para apoiar ás asociacións protectoras, poderán solicitar, a maiores das anteriores, axudas para a compra de material co fin de dotar aos centros que dirixen ou dos que son titulares dos medios necesarios para a xestión e manexo dos animais ao seu cargo como, por exemplo, remolques de transporte, *software* específico, dispositivos electrónicos para mellorar a xestión do centro ou equipamento veterinario non consumible, entre outros elementos.

Así mesmo, todas as entidades protectoras debidamente rexistradas en Galicia tamén poden acollerse a axudas para a realización de campañas de concienciación, promoción da tenza responsable e fomento das adopcións, aínda que non xestionen nin sexan titulares dunha instalación dedicada a este fin.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tanto os concellos como as asociacións poderán pedir axudas para atender calquera dos gastos subvencionables anteriormente citados e destinados á atención dos animais domésticos de compañía que se atopen en centros de acollida autorizados ou formen parte de colonias felinas —figura creada pola Lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia para protexer ás comunidades de gatos sen propietario que viven na rúa—. En todo caso, deberán acreditar que os gastos se realizaron no período comprendido entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de agosto deste ano.

O prazo para que concellos, agrupacións locais e entidades debidamente rexistradas na Comunidade poidan presentar as súas solicitudes estenderase desde o día seguinte da publicación de ambas ordes no *Diario Oficial de Galicia* e ata o vindeiro 13 de setembro.

Estímase que grazas ao orzamento reservado a ambas liñas de axudas en 2024 poderase chegar a realizar actuacións que beneficien a máis de 16.000 animais abandonados.

O obxectivo do Goberno galego é seguir apostando pola protección e o benestar dos animais de compañía, evitando os abandonos e avanzando cara ao maltrato 0 e para iso traballa da man das administracións locais competentes na materia e daquelas entidades implicadas de forma directa no coidado e manutención dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia a través de medidas de apoio ao seu labor e de campañas para fomentar a concienciación cidadá.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREA UN NODO DE COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA PARA ADAPTAR AS TECNOLOXÍAS DE TELECOMUNICACIÓNS ÁS NECESIDADES DO TERRITORIO

- O nodo Conectivi.gal supón unha evolución do nodo 5G e buscará adaptar todo tipo de tecnoloxías sen fíos ás necesidades específicas de Galicia e aos desafíos como a extensión da internet das cousas e o territorio intelixente
- Desta estrutura de colaboración formarán parte a Xunta de Galicia, as tres universidades públicas, os centros tecnolóxicos e as operadoras Telefónica, Vodafone e Orange
- Entre os obxectivos do nodo está o de consolidar en Galicia un ecosistema de entidades especializadas no eido da conectividade

O Consello da Xunta avaliou hoxe o informe *A evolución ao nodo Conectivi.gal*, unha estrutura de colaboración público-privada que dedicará os seus esforzos a adaptar as novas tecnoloxías de telecomunicacións sen fíos ás necesidades específicas de Galicia. Esta nova estrutura de colaboración é unha evolución do nodo 5G constituído no ano 2018.

O despregamento de redes de telecomunicacións sen fíos adquire unha importancia singular en Galicia polas dificultades que existen para facer chegar as infraestruturas terrestres a todo territorio e a unha poboación moi dispersa.

As necesidades de despregamento de telecomunicacións amplíanse hoxe a todo tipo de dispositivos que deben estar conectados para facilitar información sobre o territorio ou para a xestión de datos, con tecnoloxías como a internet das cousas e utilidades como o territorio intelixente, a mobilidade ou o desenvolvemento dos sectores primarios e das infraestruturas rurais. Para cubrir estas necesidades existen alternativas ao 5G que se axustan a estes novos desafíos (como NB-IoT, LoraWan ou WiFi Halow). Adaptar estas tecnoloxías ás necesidades específicas de Galicia é o obxectivo do nodo Conectivi.gal.

Entre os seus obxectivos están tamén o de consolidar en Galicia un ecosistema de entidades especializadas no eido da conectividade, desenvolver actividades formativas e demostrativas orientadas aos perfís tecnolóxicos en telecomunicacións, a dinamización da implantación de solucións de conectividade e a promoción da dixitalización e innovación das administracións públicas galegas a través da conectividade.

O nodo Conectivi.gal está promovido pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Universidades e Formación Profesional; do Instituto Galego de Promoción Económica (Igapé) e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Entre os membros fundadores estarán tamén as tres universidades públicas de Galicia (Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo), así como Telefónica, Vodafone e Orange.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén formará parte do nodo a Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (Atiga- Alianza Tecnolóxica Intersectorial de Galicia).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA PUBLICA UNHA GUÍA PARA FACILITAR A ADOPCIÓN DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL POLAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

- O documento achega pautas e indicacións que poden ser adoptadas por calquera Administración pública de acordo coa súa idiosincrasia
- Identifica as distintas fases e os axentes que interveñen na xestión de proxectos que integran sistemas de IA
- Aliñada coa normativa europea, a guía busca poñer ao alcance de todas as administracións a capacidade da intelixencia artificial para ofrecer eficiencia, personalización e anticipación na prestación dos servizos públicos

A Xunta de Galicia pon á disposición das administracións do sector público galego unha guía para facilitar a xestión da intelixencia artificial nas súas organizacións. O documento, aliñado coa normativa europea, identifica as distintas fases e axentes que interveñen na xestión de proxectos que integran sistemas de IA e achega pautas e indicacións que poden ser adoptadas por calquera Administración pública de acordo coa súa idiosincrasia.

O documento, enmarcado nas liñas de actuación da Estratexia galega de intelixencia artificial 2030 (EGIA 2030), busca poñer ao alcance de todas as administracións a capacidade da intelixencia artificial para ofrecer eficiencia, personalización e anticipación na prestación dos servizos públicos.

Con este obxectivo, a *Guía práctica para a xestión da intelixencia artificial nas administracións públicas* explica que é un sistema de IA e as fases do seu ciclo de vida, proporciona unha visión integral do proceso, destaca as actividades esenciais de cada etapa, ademais de analizar erros comúns que poden xurdir e identificar os roles responsables.

O documento presenta como primeiro paso a identificación e avaliación de oportunidades e establece unha área de mellora á cal se lle pode dar resposta incorporando un sistema de IA. O segundo paso é o deseño, desenvolvemento e implantación do sistema. A guía detalla todos os pasos de cada fase, así como os axentes que interveñen: desde a persoa delegada da implantación de IA, a Comisión de Avaliación, o persoal funcional e o persoal tecnolóxico.

Ademais, aborda a xestión do ciclo de vida dun sistema de IA como un proceso integral, que permite asegurar que o sistema observa en todo momento as condicións que garanten a súa idoneidade, o seu uso seguro e sustentable no tempo, así como o cumprimento normativo e os requirimentos éticos asociados a esta tecnoloxía.

Neste sentido, a guía, tal e como fixa a normativa europea, considera unha parte central do proceso de deseño e implantación dun sistema de IA a clasificación do nivel de risco e a adopción de medidas coherentes con cada nivel de risco. A identificación clara e continua de riscos, a súa avaliación periódica e a implantación de medidas de resposta son aspectos chave do éxito da adopción desta tecnoloxía por parte do sector público.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Estratexia galega de intelixencia artificial 2030 é a folla de ruta do Goberno autonómico para o desenvolvemento e a implantación dunha intelixencia artificial ética e fiable, que respecte os valores e as normas da rexión e que, ante todo, sirva a cidadanía. Actualmente, estase a tramitar a futura lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia co obxectivo de establecer un marco legal uniforme para o deseño, adquisición, implementación e uso de sistemas de intelixencia artificial na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, así como fixar os principios éticos reitores do deseño, adquisición e implantación dos sistemas de intelixencia artificial en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APOIARÁ A RENOVACIÓN DE ELECTRODOMÉSTICOS EN 14.000 FOGARES GALEGOS, QUE AFORRARÁN 580.000 EUROS AO ANO NA SÚA FACTURA ENERXÉTICA

- A nova convocatoria do programa Galicia Renova Electrodomésticos conta cun orzamento de 2,175 millóns de euros
- Con esta iniciativa facilitarase a renovación de frigoríficos e conxeladores, lavadoras, lavalouzas e de placas por outras de indución total nos fogares galegos
- Os consumidores máis vulnerables terán unha intensidade de axuda superior, que pode chegar ao 75 % do custo e ata 450 € por electrodoméstico
- O prazo de adhesión de establecementos abrirase unha vez publicadas as bases da convocatoria e a solicitude de axudas por parte dos consumidores será a partir do 8 de febreiro
- Os apoios favorecerán a mobilización directa de 7,6 millóns de euros, así como unha redución de emisións de CO₂ equivalente á acción de 44.000 árbores e a creación ou o mantemento de preto de máis de 100 empregos

O Consello da Xunta acordou poñer en marcha unha nova convocatoria de axudas para favorecer a renovación de electrodomésticos nos fogares galegos que, durante este ano 2024, permitirá que 14.000 familias galegas poidan aforrar 580.000 euros anuais na súa factura enerxética.

Os apoios do programa Galicia Renova Electrodomésticos están dirixidos a persoas que residan en vivendas localizadas en Galicia e queiran renovar os seus equipos por outros da mesma tipoloxía e coa seguinte cualificación enerxética: frigorífico ou frigorífico conxelador A, B, C ou D; conxelador A, B, C ou D; lavadora A ou B; lavalouza A, B ou C; ou placa de indución total.

As axudas, ás cales a Consellería de Economía, Industria e Innovación destina un total de 2,175 M€, serán de concorrencia non competitiva -por orde de solicitude- e tramitadas a través de entidades colaboradoras.

Os apoios poderán acadar o 25 % do prezo do electrodoméstico para un consumidor xeral e do 50 ou 75 % para os consumidores con máis dificultades, polo que, segundo a tipoloxía de electrodoméstico e o consumidor, as axudas irán desde os 100 aos 450 euros. Cada beneficiario só poderá recibir unha axuda para cada unha das tipoloxías cun máximo de dous electrodomésticos por beneficiario.

O Goberno galego prevé, con esta nova convocatoria, unha mobilización de 7,6 M€, aforros económicos anuais de 580.000 euros, unha redución do consumo enerxético de 2.900 M0Wh/ano, unha diminución das emisións de CO₂ equivalente á plantación de 44.000 árbores e o mantemento ou a creación de preto de máis dun cento de postos de traballo, directos e indirectos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia avanza, polo tanto, na transición enerxética promovendo un cambio cultural que lles proporciona ás familias as ferramentas necesarias para a descarbonización da economía a través deste programa para a renovación de electrodomésticos, pero tamén do fomento das renovables, do autoconsumo eléctrico ou da promoción da mobilidade sustentable.

Preténdese non só a redución dos custos enerxéticos e a mellora da calidade de vida ligada ao coidado ambiental, senón tamén contribuir á dinamización comercial, xa que se agarda a adhesión de ao redor de 450 establecementos a esta iniciativa.

Neste sentido, as entidades colaboradoras poderán adherirse desde a publicación das bases no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 30 de xuño, mentres que os particulares poderán solicitar as axudas a partir do 8 de febreiro e ata que se esgote o crédito, a data límite é o 30 de setembro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 49.000 ALUMNOS DE ESO E BACHARELATO ACREDITARÁN ESTE CURSO AS SÚAS COMPETENCIAS DIXITAIS CO NOVO SISTEMA DA XUNTA DE GALICIA

- Haberá dúas vías de acreditación: unha automática ao rematar unha etapa educativa ou a realización dunha proba específica que se ofertará en abril
- A certificación por titulación comezará a emitirse cos niveis de iniciación e intermedio
- O obxectivo é que o alumnado perfeccione as súas destrezas dixitais a partir dos contidos obtidos no sistema educativo e mellorar a súa inserción laboral
- Esta medida enmárcase na Estratexia Educación Dixital 2030 e súmase ao sistema habilitado para os docentes, coas primeiras 20.500 acreditacións xa expedidas
- Galicia é a primeira comunidade autónoma do Estado en implantar un sistema propio neste eido

Máis de 49.000 alumnos de ESO e bacharelato acreditarán este curso as súas competencias dixitais a través do novo sistema habilitado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para este fin, asunto que analizou hoxe o Consello da Xunta de Galicia ante a próxima publicación da orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que regulará este proceso na nosa comunidade.

Galicia permitirá así, por primeira vez no Estado, que os seus alumnos accedan a estes certificados, denominados ComDix, desde o sistema educativo, posibilidade que xa teñen tamén os docentes ao abeiro do mecanismo habilitado pola Xunta para os profesionais do ensino e polo que foron xa expedidas un total de 20.500 acreditacións.

A acreditación de competencias dixitais é unha das accións de impacto definidas na Estratexia Educación Dixital 2030, enfocadas a acadar a cidadanía dixital plena. Todos os certificados emitidos axustaranse ao Marco galego de competencias dixitais para os cidadáns e terán, polo tanto, a súa mesma validez. De feito, somos a primeira comunidade en implantar este sistema propio de acreditación de competencias dixitais no eido educativo, con dous ámbitos específicos dirixidos ao profesorado, por unha banda, e ao alumnado, por outra.

A certificación por titulación comezará a emitirse no presente curso académico 2023/24 para o alumnado que se titule nalgunha das ensinanzas sinaladas. Tamén durante este curso académico se ofertarán probas de certificación en diferentes niveis. A través da dita orde recollerase tamén o recoñecemento da competencia dixital do alumnado que teña cursado a ESO cun mínimo de tres cursos académicos empregando o programa E-Dixgal durante a devandita etapa. Estímase que así resultarían máis de 11.000 alumnos beneficiarios, totalizando a cifra de máis de 49.000 alumnos e alumnas titulados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Niveis obtidos en cada etapa

A acreditación da competencia dixital do alumnado destas ensinanzas poderase obter a través de dúas vías. Por unha banda, a automática, por obter a titulación nalgunha das ensinanzas ou etapas. Por exemplo, a titulación de graduado en educación secundaria suporá a obtención dun certificado *ComDix Iniciación* e a titulación en bacharelato suporá o certificado *ComDix Intermedio parcial*.

Para determinar o nivel dos certificados por etapas, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), levouse a cabo un estudo exhaustivo dos currículos educativos co fin de determinar o nivel de competencia dixital acadada polo alumnado galego ao longo das diferentes etapas educativas co marco galego como referencia. Por outra banda, o alumnado que o desexe poderá, mediante a superación dunha proba específica, que se ofertará en abril, acadar un nivel superior ou completar o nivel acadado, como no caso do certificado Intermedio obtido pola superación do bacharelato.

Mellora da cualificación

Esta iniciativa ten un dobre obxectivo. En primeiro lugar, supón unha motivación para o alumnado á hora de perfeccionar as súas competencias dixitais, poñendo en valor as aprendizaxes recibidas no ámbito educativo respecto desta materia.

En segundo lugar, esta certificación favorecerá a inserción do alumnado que se titule e decida incorporarse ao mercado laboral rematados os seus estudos. Este sistema facilitaralles ás empresas ou ás administracións os procesos selectivos ou de promoción interna, como así ten ocorrido con outras, por exemplo, a certificación de competencia lingüística.

Uso responsable das tecnoloxías

A competencia dixital en Galicia, ademais do establecido nos currículos educativos, vese impulsada por numerosas iniciativas que desde a Consellería de Educación se trasladan aos centros coa finalidade última de promover o seu desenvolvemento efectivo.

O obxectivo é formar e capacitar o alumnado no uso responsable das tecnoloxías da relación, a información e a comunicación co fin de evitar prácticas de risco, así como para formar persoas con competencias para iniciar e manter relacións sas en contornas dixitais (ciberconvivencia) e para exercer de forma responsable e crítica a cidadanía dixital.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA O PROGRAMA DE CRIBADO NEONATAL CON TRES NOVAS ENFERMIDADES

- Rueda destaca que, deste xeito, o cribado galego incluirá “ata 37 patoloxías” sendo “o máis completo de toda España”
- Trátase da adrenoleucodistrofia ligada ao cromosoma X (X-ALD), a mucopolisacaridiosis tipo I (MPS I) e a enfermidade de almacenamento de glicóxeno tipo II (Pompe)
- O obxectivo é detectar as patoloxías antes de presentar síntomas para iniciar de inmediato o tratamento e reducir consecuencias graves e mortalidade
- Ademais, o Goberno galego contratou, recentemente, a subministración dunha terapia xénica para o tratamento da atrofia muscular espiñal cun valor de 1,3 millóns de euros por paciente

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, avanzou hoxe que a Xunta vai “incorporar, ao longo deste primeiro semestre de ano, tres novas patoloxías no cribado neonatal”. O titular do Goberno galego lembrou que “Galicia xa tiña o cribado máis completo” de España e deste xeito amplíase aínda máis ata chegar ás 37 enfermidades analizadas, “fronte as sete que fixa o Sistema Nacional de Saúde”.

En concreto, tal e como se avaliou hoxe no Consello o Programa galego para a detección precoz de enfermidades xenéticas, endócrinas e metabólicas en período neonatal vai incorporar estas tres novas enfermidades: adrenoleucodistrofia ligada ao cromosoma X (X-ALD), a mucopolisacaridiosis tipo I (MPS I) e a enfermidade de almacenamento de glicóxeno tipo II (Pompe).

O obxectivo deste cribado é detectar as patoloxías antes de que presenten síntomas para poder iniciar o tratamento de inmediato e reducir as consecuencias graves ou a mortalidade. “A atención temperá supón unha diferenza enorme no resto da vida dos nenos e nenas aos que se lles detecta algunha destas patoloxías”, indicou Rueda.

Con este fin, a Consellería de Sanidade organizou, recentemente, a sesión constitutiva do Comité Asesor do Programa galego para a detección precoz de enfermidades xenéticas, endócrinas e metabólicas en período neonatal, un órgano creado a través do decreto regulador deste programa aprobado en novembro polo Consello da Xunta de Galicia. Foi na primeira reunión deste organismo, encargado de propoñer a incorporación de novas patoloxías ao programa, na cal se decidiu elevar á autoridade sanitaria esta proposta de ampliación.

Este comité está formado pola directora xeral de Saúde Pública, Carmen Durán, así como por persoal do programa de cribados poboacionais, da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, da Unidade de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias en Galicia, persoal facultativo especialista en pediatría das unidades de maternidade de centros do Sergas, persoal da área de coñecemento de pediatría da USC e un facultativo do Laboratorio de Metabolopatías do hospital santiagués, que é o laboratorio de referencia para a realización das probas deste cribado neonatal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A adrenoleucodistrofia ligada ao cromosoma X (ALD-X) presenta unha prevalencia estimada ao nacemento de 1/17.000 (homes e mulleres). A ALD-X afecta homes e mulleres, aínda que os síntomas e a progresión da enfermidade difiren. A leucodistrofia é tratable mediante un transplante de células proxenitoras hematopoéticas aloxénico, aínda que o pronóstico só é favorable cando se trata nas primeiras etapas.

As mucopolisacaridoses (MPS) constitúen un grupo de afeccións metabólicas hereditarias debidas a un déficit de encimas lisosómicas específicas e englobanse dentro das denominadas enfermidades por depósito lisosómico. Produce danos celulares permanentes e progresivos que afectan o aspecto e as capacidades físicas dos órganos e o funcionamento do propio organismo.

A enfermidade de Pompe está causada pola acumulación de glicóxeno nos lisosomas como consecuencia dunha deficiencia da actividade da encima glicosidasa alfa aceda. Este depósito de glicóxeno leva a unha deterioración muscular progresiva e a un fallo orgánico. Distínguense dous tipos: a infantil e a de aparición tardía. O tipo infantil é o máis grave.

Terapia xénica

Xunto coa ampliación destas tres novas patoloxías cómpre remarcar que a Xunta autorizou, no mes de decembro, a contratación, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva do medicamento Onasemnogen Abeparvovec, por un valor estimado de 32.160.000 euros, por un período de dous anos e a prórroga doutros dous. Este fármaco de terapia xénica está indicado no tratamento da atrofia muscular espiñal (AME) tipo I sintomática ou da AME presintomática.

Ao respecto, subliñar que a Xunta de Galicia incorporou, desde o mes de maio de 2023, a detección de tres novas patoloxías no Programa de cribado neonatal, entre as cales se atopaba precisamente a AME, de forma que fose posible instaurar medidas de prevención e tratamento antes do debut clínico. Desde ese momento, dous bebés foron diagnosticados de AME e comezaron o tratamento, o que pode supoñer un grande avance para a súa calidade de vida.

A efectividade desta terapia xénica modificadora da AME é significativamente superior cando o tratamento se inicia en fase presintomática, segundo demostraron recentes ensaios clínicos. O tempo desde o nacemento ata o inicio dos síntomas é unha xanela de oportunidade para detectar precozmente a enfermidade e previr o dano nas motoneuronas.

Dado o previsible incremento de diagnóstico desta patoloxía grazas á inclusión no Programa de cribado, o Goberno galego autorizou unha contratación a nivel centralizado para dar cobertura ás necesidades deste tratamento nos vindeiros catro anos. O prezo unitario deste tratamento sen IVE foi fixado polo Ministerio de Sanidade

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

en 1.340.000 €, co que o acordo marco que aprobou recentemente a Xunta dá cobertura á posible adquisición de máis de 20 tratamentos nos vindeiros catro anos.

Modelo organizativo e asistencial común

Para a xestión das solicitudes de terapia avanzada, incluída esta terapia xénica, Galicia conta coa Unidade de Coordinación de Medicamentos de Terapias Avanzadas (Cometa), adscrita á Subdirección Xeral de Farmacia do Sergas, para dispoñer dun modelo organizativo e asistencial común para toda Galicia que dea resposta aos retos que se formulan.

A atrofia muscular espiñal (AME) é unha enfermidade autosómica recesiva producida por dexeneración das motoneuronas da hasta anterior medular que ocasionan debilidade e atrofia muscular progresiva de predominio proximal e de amplo espectro de gravidade. Aínda que é unha enfermidade rara, representa a causa xenética máis frecuente de mortalidade infantil. Afecta ambos os sexos por igual, cunha incidencia aproximada entre 1/6.000 e 1/10.000 nados vivos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINARÁ NO 2024 UN TOTAL DE 8,5 M€ ÁS AXUDAS PARA FOMENTAR A CONTRATACIÓN DE SEGUROS AGRARIOS

- A convocatoria para este ano publicarase de inmediato no *Diario Oficial de Galicia*
- A porcentaxe de subvención, en xeral, acadará un máximo do 75 % do custo da póliza, sumando os fondos autonómicos e estatais achegados para esta finalidade, o que supón unha novidade, xa que ata o de agora o máximo financiado só chegaba ata o 65 %

A Xunta de Galicia destinará un total de 8,5 millóns de euros á convocatoria para 2024 das axudas para fomentar a contratación de seguros agrarios por parte dos agricultores e gandeiros galegos. Así se recolle nun informe do que hoxe tomou razón o Consello do Goberno galego.

As achegas para 2024 publicaranse de inmediato no *Diario Oficial de Galicia* e a porcentaxe de subvención, en xeral, acadará un máximo do 75 % do custo da póliza, sumando os fondos autonómicos e estatais achegados para esta finalidade. Isto constitúe unha novidade na convocatoria, xa que ata o de agora o máximo financiado chegaba ao 65 %. Ademais, cómpre engadir que as pólizas contratadas por entidades asociativas de agricultores e gandeiros teñen unha subvención adicional do 4 %.

Riscos imprevisibles

As explotacións agrícolas e gandeiras enfróntanse a riscos imprevisibles que poden afectar os seus rabaños, as colleitas ou producións e que, polo tanto, comprometen a súa viabilidade económica. Na produción vexetal destaca a posibilidade da destrución das colleitas como consecuencia de sinistros meteorolóxicos extemporáneos, os cales teñen unha tendencia a aumentar a medida que evoluciona o cambio climático. As xeadas, sarabias, inundacións, temporais ou secas son algunhas das principais causas de perdas económicas.

Por outra banda, están as enfermidades ou os accidentes fortuítos que afectan as mandas e que supoñen a perda de animais ou das súas producións nas explotacións gandeiras.

Eliminar a incerteza económica derivada destas circunstancias é un dos grandes desexos do sector produtor e das administracións públicas. O seguro agrario é un factor de enorme estabilidade do sector e un instrumento para garantir as rendas agrarias.

Este sistema cobre producións agrícolas e gandeiras. Está considerado como un dos mellores a nivel mundial. Todas as entidades aseguradoras españolas importantes forman parte de Agroseguro.

Os seguros son voluntarios, pero a Consellería do Medio Rural considera imprescindible o aseguramento nunha explotación agraria profesional, polo que incentiva a súa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contratación coa súa inclusión nos criterios de concesión das axudas agrarias, como as dedicadas á incorporación de mozos á actividade agraria ou a investimentos nas explotacións.

Porén, a medida que máis fomenta os seguros son as subvencións directas, sen trámites adicionais para o asegurado. Deste xeito, Agroseguro xestiona as axudas de Enesa e da Consellería do Medio Rural, sen que o beneficiario teña que facer unha solicitude específica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA REFORZARÁ O IMPULSO Á ACTIVIDADE MARÍTIMO-PESQUEIRA GALEGA A TRAVÉS DOS ACORDOS CON ANFACO, INTERFISH, CLUSAGA E A FUNDACIÓN NUEVA PESCANOVA

- Estes catro convenios contarán ao longo do presente exercicio cun apoio global de 434.000 euros e permitirán realizar accións de promoción tanto a nivel sectorial como dos produtos do mar
- Entre as iniciativas que se desenvolverán haberá accións para que as empresas e a produción de Galicia conquiste novos mercados, a presenza en feiras ou a celebración de foros e eventos

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe onde se detallan as sinaturas de convenios de colaboración entre a Consellería do Mar e catro importantes entidades da cadea mar-industria como son Anfaco-Cecopesca, a Organización Interprofesional Pesqueira Interfish-España, a Asociación Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) e a Fundación Nueva Pescanova, que teñen como principal obxectivo reforzar o impulso á actividade marítimo-pesqueira na Comunidade galega.

En total, estes catro acordos mobilizarán en conxunto 434.000 euros dedicados a ámbitos que pasan pola coordinación de accións de potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o seu coñecemento e incrementar así a súa competitividade. Os importes serán financiados nos catro casos nun 70 % co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa) dentro da súa prioridade de mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas, e o restante 30 % con cargo aos orzamentos da Xunta.

Nesta estratexia, para a Consellería do Mar é crucial facer partícipes os actores da cadea mar-industria desta tarefa, identificando en cada caso as organizacións ou entidades que poidan contribuír a alcanzar estes obxectivos e habilitar vías de colaboración con elas. É o caso da Asociación de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos (Anfaco-Cecopesca), que contará cun apoio para a promoción e a mellora da comercialización das conservas de produtos pesqueiros este ano de 149.000 euros.

En canto ao convenio de colaboración coa interprofesional Interfish-España para a promoción e a mellora da comercialización das especies pesqueiras coas que traballa este colectivo, que son a quenlla, o peixe espada e o marraxo, este estará dotado ao longo de 2024 de algo máis de 113.000 euros.

En canto á colaboración da Consellería coa Asociación Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga), centrarase na mellora competitiva das empresas do mar ao longo de todo este ano, contando para este obxectivo con preto de 100.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, no convenio que se selará coa Fundación Nueva Pescanova está previsto que se mobilicen 72.600 euros co fin de realizar diversas accións de promoción da mellora da imaxe de sustentabilidade de Galicia e do sector marítimo pesqueiro coa celebración da segunda edición do *Global Sustainable Seafood Galicia Forum* en 2024.

Entre as distintas accións que terán cobertura ao abeiro destes acordos están diferentes actuacións encamiñadas a que as empresas e a produción de Galicia conquisten novos mercados, como a presenza en feiras ou a celebración de foros e eventos, así como as destinadas á dixitalización e á mellora da comercialización de produtos froito da transformación de materias primas pesqueiras e acuícolas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA GARANTE A ACTUACIÓN DA XUNTA ATA QUE AS PRAIAS ESTEAN “ABSOLUTAMENTE LIMPAS” DE PELLETS E RECLAMA “XA E CANTO ANTES” OS MEDIOS DO ESTADO PARA FREAR A CHEGADA Á COSTA DESTES RESIDUOS

- “O obxectivo da Xunta desde o primeiro momento é claro: non descansar ata que as praias queden totalmente limpas”, garante o mandatario galego
- Reclama que o Goberno cental envíe “xa e canto antes” os medios demandados pola Xunta para exercer as súas competencias na retirada no mar dos sacos de pellets e evitar que estes cheguen a terra
- Anuncia unha nova reunión do Plan Camgal para esta tarde, na que se ten convidado á Delegación do Goberno e a Fegamp, e na que se ten previsto abordar o protocolo de recollida destes residuos e outro para organizar as persoas voluntarias

O presidente da Xunta, Afonso Rueda, garantiu hoxe que o Goberno galego traballará “ata o último momento” ata que as praias galegas estean “absolutamente limpas” de residuos de pellets que están a chegar pola vertedura destes plásticos por parte do mercante Toconao fronte as costas portuguesas.

“Desde o primeiro momento o obxectivo da Xunta é claro; non descansar ata que as praias queden totalmente limpas”, garantiu o mandatario galego, despois de informar da análise que o Consello da Xunta fixo hoxe sobre o impacto da vertedura de pellets e que, segundo precisou, ten afectado ata este momento a 42 municipios, nos que se teñen detectado estes materias nas súas praias.

Rueda salientou que o Goberno galego xa ten en marca cos concellos un operativo de 200 profesionais para recoller estes pellets e tamén outros residuos plástico que se detectan nos areais e adiantou que “se reforzarán ata os 300 nesta fin de semana”. De igual xeito, explicou que se está a monitorizar a situación en todas as praias afectadas co obxectivo de “retirar canto antes os pellets que vaian chegando”. Ademais, garantiu que o operativo de limpeza da Xunta “continuará activo e en alerta ata que non queden ningún destes residuos nas praias”.

“Xa e canto antes” os medios do Goberno central

O presidente demandou que ante este “compromiso da Xunta” o do Goberno central “sexa o mesmo”, en canto ás súas competencias no mar na loita contra a contaminación e reclamou que non se poñan “escusas”. Por iso, tras ter elevado o Plan de Contaminación Mariña Accidental de Galicia (Camgal) ao nivel 2, Rueda lembrou que a Administración galega ten demandado medios para a detección dos residuos no mar e para que estes non cheguen ás praias, en referencia a solicitude de sete lanchas, catro barcos, un avión e dous helicópteros e un submarino.

No entanto, lamentou que, pasadas máis de 48 horas da petición destes medios, Galicia “continúa sen ter eses medios comprometidos polo Goberno central”. Polo tanto, reclamou que os envíe “xa e canto antes” para colaborar coa Xunta e cos concellos na

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

loita contra esta contaminación, dentro do ámbito das súas competencias, “que é a mariña”, lembrou.

“Todos os sacos que se intercepten no mar son pellets que non chegarán á costa”, argumentou ao respecto. “Sempre vai ser moito máis sinxelo mentres estean nestes sacos na auga, e non que se estraguen e cheguen ás praias”, advertiu. “Cada pellet que chegue as praias é un pellet que non se recolleu no mar”, afondou, sobre a necesidade da actuación antes de que cheguen a terra.

Información á Fiscalía e nova reunión Camgal

En paralelo á limpeza das praias, o presidente explicou que o Goberno galego vai remitir á Fiscalía toda a información da que dispón a Xunta para que se aclaren todas as circunstancias relacionadas con esta vertedura. “Nós somos primeiros interesados de que se chegue ao final de todo isto para determinar os responsables”, aseverou. De igual xeito, adiantou que a Xunta traballará co sector pesqueiro e co sector turístico para evitar calquera dano a súa Imaxe.

Ademais, informou de que esta tarde volverá celebrarse unha nova reunión do Plan Camgal, un encontro ao que se ten convidado a participar á Delegación do Goberno en Galicia e tamén a representantes da Fegamp, xa que o mandatario galego considerou necesaria a súa participación.

Nesta reunión avanzou que se abordarán o protocolo de recollida dos pellets e tamén outro para organizar as persoas voluntarias que queren botar unha man na recollida destes residuos nas praias, e ás que lle agradeceu a súa colaboración.